

34ª MOSTRA GALEGA DE APICULTURA - 1 de xuño, Arzúa

Nesta tradicional cita abelleira debatiremos sobre a comercialización dos produtos apícolas e como podemos aproveitar as nosas organizacións AGA e Erica Mel. Darémoslle un espazo central ás mulleres apicultoras, para amosar a súa aportación na apicultura galega, polo que lanzamos un convite especial para as socias de AGA a asistir. Falaremos doutros temas técnicos como o manexo da cera e teremos a feira apícola, coa participación de varias empresas de material, cera e arpas eléctricas, entre outras.

PROGRAMA:

PALESTRAS *Na Pulpeira de Santa María*

Ás 10 h. Mesa redonda: A promoción dos produtos apícolas dende AGA

Concurso Meles do País, Suso Asorey, voceiro de AGA; Laboratorio de AGA, Joaquín Lozano, veterinario; Feiras do Mel, Paula Souto, técnica AGA e representante DAGAs

Ás 11 h. Mesa redonda: A muller na apicultura galega

Dulce Barro, directiva AGA; Loli Rodríguez, delegada DAGA Salnés; Maruxa Blanco, apicultora recién incorporada; Josefa M^a Durán Casal, socia de Erica; Jara Varela, cría de raíñas

Ás 12 h. Viaxe apícola a Grecia. Por Helder Rodrigues, representante empresa grega Anel

Ás 12.30 h. Asemblea Xeral Erica Mel e debate aberto "a comercialización dos produtos apícolas"

Aberta a todos os socios e socias de Erica Mel, con voz e voto, e tamén de AGA, só con voz, para debatir as ofertas de servizos na comercialización dende a cooperativa ou propostas de servizos que sexan viables.

Ás 16.30 h. Prevención de riscos en apicultura. Por técnico Sindicato Labrego Galego

Ás 17 h. A renovación da cera

A importancia da cera na saúde das abellas. Por Gonzalo Calvo, veterinario
Experiencia coa laminadora colectiva. Por Paco Graña, DAGA Carballo
Alternativas da cera en ecolóxico. Por representante Macmel

FEIRA MATERIAL APÍCOLA *Na nave de Erica Mel*

Material apícola e cambio de cera: Erica Mel, Macmel, Lyson, Carballal, Angel Romero
Exposición de arpas eléctricas: SANVE, Fernando Cores, Benigno Fernández, Pablo Freire e Apícola Regueira
Material de segunda man: Para traer material hai que anotarse antes do 27 de maio
Entrega material subvención Plan Apícola
De 11 a 13 h. Obradoiro demostración laminado cera. DAGA Bergantiños

O MUNDO DO QUEIXO E DO MEL *Na aula do Centro do Queixo e do Mel*

Degustación-obradoiro: O mel na cociña. Por Noela Torres, restauradora
Mostra de queixos e produtos apícolas: Queixos Arzúa, San Simón, Requeixo das Neves, Erica Mel e Apiagro
Ás 13 h. Degustación cervexa con mel Estrella Galicia e sorteo kit protección colmeaar (zagalina, panel solar e 2 arpas) da DAGA Morrazo

PROGRAMA INFANTIL *Na biblioteca do Centro do Queixo e do Mel*

Actividades educativas sobre as abellas para nenos e nenas a partir de 3 anos

OUTROS SERVIZOS *No Centro do Queixo e do Mel*

Entrega tratamentos varroa (solicitados previamente), inscricións, seguro apícola, pago cotas, etc.

CONVOCATORIA ASEMBLEA XERAL ERICA MEL S.C.G.

1 de xuño de 2019 na Pulpeira de Santa María de Arzúa. Ás 12.30 h. en 1ª convocatoria e as 13 h. en 2ª convocatoria.

Orde do día:

1. Lectura da acta aprobada da asemblea xeral ordinaria de 2018.
2. Exame da situación do mercado do mel e aprobación, no seu caso, da xestión.
3. Aprobación se procede, das contas correspondentes o exercicio de 2018
4. Resolver sobre a proposta do Consello Rector en canto á distribución do excedente ou perdas.
5. Destino, no seu caso, do Fondo de Formación e Promoción Cooperativo.
6. Aportación obrigatoria e cota de ingreso para os/as novos/as socios e socias.
7. Designación de tres socios/as para subscribir e aprobar a acta da presente Asemblea Xeral.
8. Rogos e preguntas.

DÍA MUNDIAL DA ABELLA - 20 de maio

ALLARIZ Festival Internacional de Xardíns, de 10 a 14 h.

Actividades sobre as abellas e os produtos apícolas dirixidas a escolares e público familiar.

DAGA CORUÑA. CULLEREDO Xardín Botánico, de 16 a 20 h.

Actividade aberta a todo o público con actividades sobre as abellas e observación nacemento raíñas en directo, coincidindo co remate do curso de cría de raíñas da DAGA Coruña.

DAGA FERROLTERRA. NARÓN

Obradoiros "Licores de mel e xabóns". 18 de maio ás 10 h. no Local AAVV Rosa dos Ventos de Sedes. Prezo 10 € socios/as AGA 50 € para o resto. Inscripcións: dagaferrol@hotmail.com.

Charla "Importancia das abellas e polinizadores" e obradoiro Stop velutina (elaboración de trampas selectivas e arpas). 19 de maio ás 10.30 h. no Centro Comunitario Manuela Pérez Sequeiro.

FEIRA APÍCOLA E XORNADAS TÉCNICAS VALMIÑOR - DAGA RÍAS BAIXAS

III Feira Apícola Valmiñor 18 de maio (a partir das 16 h.) e 19 de maio (todo o día). Praza do Concello, Gondomar
IV Xornadas Apícolas, 18 de maio (a partir das 16.30 h.): "Perspectivas de futuro da apicultura galega. A loita pola supervivencia das abellas" por Xosé Torres Romar, presidente de AGA e "Os gardiáns do mel" por Ruth Villar. Ó remate entrega de premios de debuxo ó alumnado dos colexios do Valmiñor.
Organiza a DAGA Rías Baixas. Para asistir como expositor hai que anotarse na DAGA ata o 16 de maio (tel. 620 822 229).

PRÓXIMOS CURSOS DE AGA

Cursos básicos: Ribadavia, Ortigueira, Ordes e Moaña; sesións prácticas de sanidade apícola: O Corgo, Abegondo e Ortigueira; cría de raíñas en Apilarouco (Cualedro) e Abella Meiga (Outeiro de Rei); xornada sobre a cera e a prevención de riscos en apicultura, 15 de xuño en Apícola Carballal (Ourense). Programa completo dos cursos na web de AGA.

VIAXE APÍCOLA A GRECIA

AGA organiza unha viaxe a Grecia do 29 de setembro ó 5 de outubro, en colaboración coa empresa de material apícola ANEL. O prezo aprox. será de 850 € (voo, transporte e aloxamento), pero dependerá do número final de participantes. O programa completo da viaxe pódese consultar na web de AGA. O prazo para facer a reserva remata o 20 de maio.

MÁIS INFORMACIÓN

Asociación Galega de Apicultura

Feira Nova s/n 15819 Santa María (Arzúa)

Tel. 981 508 142 / 630 069 637

Email: info@apiculturagalega.es / Web: www.apiculturagalega.es

TRATAMENTO VARROA 2019

Pedidos: Os socios/as que non fixeron o pedido polo Plan Apícola poden facelo agora, enviando a AGA a ficha de pedido e o xustificante de pagamento antes do 22 de maio.

Recollida: O día 1 de xuño na Mostra Galega de Apicultura en Arzúa ou nalgún dos lugares indicados no calendario. Os pedidos de máis de 100 colmeas (tratadas co mesmo produto) serán enviados a domicilio, coa receita e factura.

Pago: Por transferencia ó nº de conta de AGA, indicando no concepto o nome do socio/a e "Tratamento varroa 2019"

Atención: Os socios/as que presentaron o Plan Apícola 2019 non teñen que enviar de novo a ficha de pedido, só no caso de que necesiten máis tratamento do solicitado para a subvención.

PREZOS TRATAMENTOS VARROA

PRODUTO	PRINCIPIO ACTIVO	Nº COLMEAS/ ENVASE	PREZO / ENVASE
APIVAR	AMITRAZ (tira de 20,5 cm)	5	15,30 €
APITRAZ	AMITRAZ (tira de 25 cm)	5	15,30 €
APISTAN	FLUVALINATO	5	14,10 €
THYMOVAR (ECOLOXICO)	TIMOL	5	17,85 €
ECOXAL (ECOLÓXICO)	ACIDO OXÁLICO	25	46,00 €

LUGARES E CALENDARIO DE ENTREGA

ARZUA. Mostra Galega de Apicultura. Sabado 1 de xuño. De 10 a 14 h. e de 16 e 18 h.	VILAGARCÍA DE AROUSA. Casa da Cultura de Galáns. Sábado, 22 de xuño, de 11 a 13 h.
QUIROGA. Casa da Cultura. Sabado 8 xuño, de 11 a 13h.	NARÓN. AAVV Sedes. Domingo 23 de xuño, de 11 a 13 h.
VIANA DO BOLO. Pazo do Mel. Sábado 8 xuño, de 17 a 19 h.	ORTIGUEIRA. Centro Social San Adrián. Domingo, 23 de xuño de 16 a 17 h.
CUALEDRO. Centro Interpretación Os Castros. Domingo 9 de xuño, de 17 a 19 h.	MOAÑA. Casa Mocidade, O Rosal. Domingo 23 de xuño, de 17 a 19 h. Coincidindo co curso básico
CARBALLO. Pazo da Cultura. Domingo 9 xuño, de 17 a 19h	BOIRO. Centro Cultural A Cachada. 29 xuño, de 11 a 13 h.
LALÍN. Auditorio - Conservatorio. Venres, 14 de xuño de de 17 a 19 h.	MONDOÑEDO. Centro Comarcal A Mariña Central (Antigo cuartel). Sábado 29 xuño, de 11 a 13 h.
OURENSE. Apícola Carballal. Sábado 15 xuño, de 18 a 20h	O CORGO. Local Veciños Pedrafita. Sábado 29 xuño, de 17 a 19 h.
GONDOMAR. Centro Neural. Domingo 16 xuño, de 11 a 13h	A CORUÑA. Mesón Godello. Venres 5 xullo de 17 a 20 h.



FICHA PEDIDO TRATAMENTOS VARROA 2019

Nome do socio/a:

Titular da explotación:

Nº REGA: Lugar de recollida:

Produto: Nº envases:

Pago por transferencia ó nº de conta de AGA: ES02 2080 0348 38 3000018210 (ABANCA)

Enviar co xustificante de pagamento por email a info@apiculturagalega.es ou por carta ata o 22 de maio